



## Cuestionario Proust: Arancha Nogueira, escritora e xornalista

[Lecturafilia](#) 14 de decembro de 2021

<https://lecturafilia.com/2021/12/14/cuestionario-proust-arancha-nogueira-escritora-e-xornalista/>

Licenciada en Xornalismo e cun mestrado en Literatura comparada e Crítica Cultural, Arancha Nogueira gozou de estadías entre Madrid, Porto, Belfast e, por suposto, Ourense, a súa cidade natal e a inspiradora de moitos dos seus versos e historias. Publicou a súa obra en diversas antoloxías e conta con poemarios de autoría propia como [o único lugar onde ficar inmóbil](#), [spleen en catro tempos](#), [hahstags para un espazo agónico](#) ou [dente de lente](#), entre outros. No terreo da literatura infantil publicou [A mestra corremundos](#), unha biografía adaptada de Pura Vázquez.

Coñecémola mellor neste Cuestionario Proust:

1. O principal trazo do teu carácter? **Difícil... se fose un, creo que o compromiso, a lealdade.**
2. Que calidade aprecias máis nun home? **A disidencia (ergo, a autocrítica).**
3. E nunha muller? **A xenerosidade.**
4. Que agardas das túas amizades? **Que me sigan querendo, con todo (tamén con todo o que significa querer).**
5. O teu principal defecto? **Son moi sensíbel e moi arroutada. Mala combinación.**
6. A túa ocupación favorita? **Ler, escribir, bailar, beber cervexa coa xente que quero e coa que estou aprendendo a querer.**
7. O teu ideal de felicidade? **A miña xente querida, unha casa con galería e "unha biblioteca que nos sobreviva a todas".**
8. Cal sería a túa maior desgraza? **Ficar soa (sen o mar, sen o barco e sen un nós ao que dicir nós).**
9. Que che gustaría ser? **Feliz. Tamén actriz de musical.**
10. En que país desexarías vivir? **En Galiza, nunha Galiza outra (na de Feijóo non, desde logo).**

11. A túa cor favorita? **O verde-fraga.**
12. A flor que máis che gusta? **O estralote.**
13. Que paxaro prefires? **Son ornitofóbica! Pero ás aves que non voan non lles teño tanto medo... por exemplo, o fraileciño.**
14. Os teus autores/as favoritos en prosa? **Virginia Woolf, Milan Kundera, Eduardo Blanco Amor, Berta Dávila...**
15. E poetas? **Wisława Szymborska, Sylvia Plath, Ana Cristina Cesar, Ana Romani, Lupe Gómez, María Lado...**
16. Un heroe de ficción? **O pequeno vampiro.**
17. Una heroína? **As Sailormoon.**
18. O teu músico ou música favorito/a? **Ataque Escampe (sempre fan) e este ano escoitei moitísimo a Zahara.**
19. O teu pintor ou pintora preferido/a? **Marc Chagall e ultimamente estou obsesionada con Alice Neel.**
20. O teu heroe ou heroína na vida real? **Podería dicir, por exemplo, miña avoa. Pero, en xeral, todas as miñas amigas.**
21. O teu nome favorito? **Xan e Celtia (así digo sempre que se van chamar as miñas fillas futuras!).**
22. Que hábito alleo non soportas? **A falta de compromiso.**
23. Que é o que máis detestas? **O narcisismo.**
24. Unha figura histórica que che poña mal corpo? **Unha só? E de que historia? Desta que nos contaron case todo o mundo me pon mal corpo...**
25. Un feito histórico que admires? **Calquera levantamento dun colectivo oprimido fronte a un poder opresor.**
26. Que virtude desexarías posuír? **A paciencia.**
27. Como che gustaría morrer? **De vella, nun soño grande e demorado.**
28. Cal é o estado máis común do teu ánimo? **Melancólico.**
29. Que defectos che inspiran maior indulxencia? **Os que parten da inocencia.**
30. Tes unha máxima ou lema de vida? **Vivir intensamente, que se non para que.**